

O infinitivo (conxugado) galego e portugués e as súas correspondencias en español

Ignacio Vázquez Diéguez

Universitat de Barcelona

ivazquez@ub.edu

Recibido o 24/01/2012. Aceptado o 16/04/2012

The (conjugated) infinitive in Galician and Portuguese and its Spanish equivalents

Resumo

Ofrécese nestas páxinas un estudo comparativo entre o galego, o portugués e o español sobre o uso do infinitivo. Galego e portugués posúen unha variante conxugada deste tempo, inexistente en español, e será tratada con particular atención. A base do estudo será a diacronía que marca, en gran medida, o uso actual. A subordinación é o campo de acción do infinitivo conxugado e cada caso particular será exemplificado con pasaxes extraídas de diferentes corpus *on-line* consolidados. Verase o uso canónico esperable en galego e portugués e as variantes reais de tales usos, así como as solucións (traducións convenientes) do español perante o infinitivo flexionado. Aínda que a intención primeira é dar apoio aos estudantes, a pescuda pretende afastarse da sistematización clásica dada ao infinitivo conxugado nas gramáticas e quere propor principios funcionais –as estruturas sintácticas– (e non só estilísticos) no emprego dese tempo verbal.

Palabras chave

Infinitivo, diacronía, sintaxe, galego, portugués, español

Sumario

0. Introducción. 1. O infinitivo conxugado. 2. A sintaxe do infinitivo conxugado: a subordinación. 2.1. En oracións completivas. 2.2. En oracións circunstanciais. 3. Consideracións finais.

Abstract

This paper presents a comparative study of the infinitive in Galician, Portuguese and Spanish. Galician and Portuguese possess a kind of person-marking infinitive which does not exist in Spanish and will therefore be given special attention here. Diachronic linguistics forms the basis of this research since it accounts for present-day use. The personal infinitive primarily appears in subordinate clauses. Each of its uses will be illustrated with examples from various consolidated on-line corpora. We will compare standard prescribed usage with instances of actual use, and discuss their Spanish translations. Although its main purpose is to serve as a guide for students, the study aims to establish functional principles of syntactic structure (not only stylistic factors) affecting the use of the personal infinitive in Galician and Portuguese.

Keywords

Infinitive, diachronic linguistics, syntax, Galician, Portuguese, Spanish

Contents

0. Introduction. 1. The personal infinitive. 2. The syntax of the personal infinitive: subordination. 2.1. In complement clauses. 2.2. In adverbial clauses. 3. Final considerations.

0. INTRODUCCIÓN

Habemos tentar explicar nas seguintes liñas o uso dunha forma verbal particular en dúas linguas da Romanía: o infinitivo conxugado galego e portugués, con especial atención ás posibles solucións castelás. Na *Universitat de Barcelona*, onde estudan os dous idiomas moitos dos nosos alumnos de fala materna catalá ou castelá, a diferenza entre o infinitivo non conxugado e o que se conxuga, en galego e portugués¹, suscita un enorme interese. Tentaremos explicitar a casuística na cal aparece o infinitivo conxugado de maneira que un lector alleo ao galego e ao portugués, poida entender, a través do español, o seu funcionamento. En definitiva, trátase de ofrecer, utilizando a tradución, as solucións españolas do infinitivo conxugado comprendendo previamente a súa formalización e uso.

Imos explicar o seu uso facendo un percorrido diacrónico desde o latín porque coidamos que a lingua do Lacio determina o emprego actual. O proceso que se seguirá será o enfoque sintáctico, xa que a aparición do infinitivo conxugado remite á subordinación. Dada a súa natureza nominal, porén, pode desempeñar calquera das funcións dun nome. Será a través desas funcións que nos achegaremos ao uso do infinitivo, concretamente do conxugado.

Presentarase o tempo verbal e, a seguir, delimitarase a subordinación como o seu campo de acción: especificamente as oracións completivas e as circunstanciais ou adverbais. En cada unha delas partirase do latín (como xa se afirmou, conforma o uso actual) para chegar ao galego e ao portugués engadindo as solucións esperables castelás.

Para ilustrar cada unha das estruturas que se presentan serán utilizados exemplos pertencentes a textos publicados, non inventados a propósito. Coa intención de aforrar tempo na busca de pasaxes en diferentes libros (traballo que nos desbordaría), recorreremos a catro corpus *on line* consolidados que se citan a continuación:

- para a lingua galega²:
 - <http://www.ti.usc.es/tilg/> = *Corpus Informatizado da Lingua Galega* (Antón Santamarina, dir.). Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago.
 - <http://corpus.cirp.es/corga/> = *Corpus de referencia do galego actual*. Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, Xunta de Galicia.
- para a lingua portuguesa:
 - <http://www.corpusdoportugues.org/> *Corpus do Português: 45 million words, 1300s-1900s* (Davies, Mark / Michael Ferreira, 2006-). Brigham Young University / Georgetown University.
- para a lingua española:
 - <http://www.corpusdelespanol.org/>. *Corpus del Español: 100 million words, 1200s-1900s* (Davies, Mark, (2002-). Brigham Young University.

1. O INFINITIVO CONXUGADO

Nunca é fácil explicar a estudantes o uso preciso deste tempo verbal: aos casteláns e aos cataláns porque non existe na súa lingua, e aos galegos e aos portugueses porque o utilizan de xeito natural e se lles fosen pedidas leis sobre o seu uso, remitirían a explicacións pouco pensadas gramaticalmente. E é que ao longo da historia dos estudos románicos ten habido moita literatura

¹ Tamén existe en mirandés (e, parece ser, nalgũa variante do napolitano antigo).

² Excepcionalmente <http://ilg.usc.es/tmilg/index.php> (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega). Todos eles consultados durante o mes de decembro de 2011.

escrita sobre o tema³, pero pouco funcional no que respecta á didáctica. Non entraremos na orixe do tempo, interesa máis formular as estruturas sintácticas en que se dá.

Cómpre principiar definíndoo: trátase do infinitivo invariable ao que lle son engadidas desinencias persoais que permiten coñecer formalmente o seu suxeito nocional en determinadas condicións. E estas condicións varían dun autor a outro nas diferentes gramáticas, algunha das cales enfronta o tema desde un punto de vista claramente estilístico, moi importante pero non o único.

As desinencias do infinitivo conxugado son as seguintes:

-(r) [(eu) falar]	-(r)mos [(nós) falarmos]
-(r)es [(tiº/tuº) falares]	-(r)des [(vós) falardes]
-(r) [(elº/eleº) falar]	-(r)renº/remº [(eles) falaren/falarem]

O seu uso dá énfase ao suxeito e evita ambigüidades e, sintacticamente, sirvan as palabras de Huber (1986: 210) para delimitalo: “tem importancia e interesse verificar que o infinitivo flexionado, geralmente ligado a preposições, é apenas usado para reduzir orações subordinadas”. Ato-pámolo nas oracións completivas e nas circunstanciais. Non obstante, preséntase en todos eses casos con restricións. E esas restricións son as que dificultan a súa aprendizaxe e mais o uso.

Certamente, en español e catalán, cando se ten que traducir un infinitivo conxugado, emprégase a estrutura [que (complet) ~ conx / loc. conx (circunst) + verbo finito] como solución posible maioritaria. Véxase un exemplo:

Convén saírmos cedoº / Convém sairmos cedoº / Conviene que salgamos tempranoº / Cal que sortim d'horas
Vinte ao chegaresº / Vi-te ao chegaresº / Te vi cuando llegabasº / Et vaig veure quan arribavesº

Español e catalán podían ter optado polas seguintes solucións, se cadra, máis usuais: “Conviene salir temprano; Cal sortir d'horas / Te vi al llegar; Et vaig veure en arribar”. Pero nos dous casos quedaríamos sen saber a quen lle convén saír cedo e quen chega. É dicir, en galego e portugués, o infinitivo conxugado de maneira sintética dá esa información; a estrutura española ou catalá debe usar unha conxunción e un verbo finito se se quere ofrecer a mesma información (en indicativo ou subxuntivo, e ese é outro reto para os nosos estudantes).

2. A SINTAXE DO INFINITIVO CONXUGADO: A SUBORDINACIÓN

Como se vén de dicir, o infinitivo conxugado, flexionado ou persoal, aparece en dous dos tres tipos de subordinación que a tradición marca: completivas (ou substantivas ou integrantes) e circunstanciais (tamén chamadas adverbiais). Recorreremos á diacronía, como xa se afirmou, para este estudo sintáctico, e por dúas razóns: a primeira, porque as restricións no uso do infinitivo flexionado veñen marcadas pola sintaxe/semántica latina e, a segunda, porque usos arcaicos ou pouco usuais no español de hoxe nas completivas (con infinitivo non persoal, obviamente) continúan vivas en portugués e en galego (co infinitivo conxugado), aínda que na lingua de Galicia comezan a ser escasas na fala oral.

³ Desde os primeiros traballos de Carolina Michaëlis de Vasconcelos (“O imperfeito do conxuntivo e o infinito persoal no portugués”, 1918), pasando por Augusto Moreno (“Problemas de morfología e sintaxe. A concordancia. O infinito impessoal e o persoal”, 1951), Henri Meier (“Infinitivo flexional portugués y español”, 1955), Zdenek Hampejs (“Alguns problemas do infinito conjugado no portugués”, 1959) e Maurer (1968) chegamos os máis actuais: García Gondar (1978), Körner (1988), Penas Ibáñez (1996), Freixeiro Mato (1999), Scida (2004), Xove Ferreiro (2005), Schulte (2007), Silva (2008), Jansegers / Vanderschueren (2010), Vanderschueren / Jansegers (2010) ou Vesterinen (2011) por nomear algúns deles.

A sintaxe das linguas románicas reduciu a poucas partículas nexuais a cantidade de elementos de ligazón que tiña o latín (concretamente nas completivas); ese feito é a consecuencia da mudanza que se produciu na estrutura xeral da lingua. O latín utilizaba diversas vías, condicionado pola semántica do verbo principal, para marcar a subordinación. Así, nas completivas, por exemplo, se se quería indicar unha acción volitiva afirmativa usábase *ut + subx*, na negativa *ne + subx*; se a mesma acción era identificadora usábase a *oración de infinitivo*⁴ (sen nexo) e se era explicativa *quod + ind*. Unha vez que nas linguas romances, de modo xeral, se impuxo como forma universal subordinante *que*⁵ (+ *ind* ou *subx*), esta conxunción comezou a introducir todos os valores do latín. Ese sincretismo semántico inicial esvaeceuse rapidamente e fixo que a estrutura formal das subordinadas (completivas) fose igual, entrando en xogo o modo subxuntivo –con máis forza que a que xa tiña no latín– para marcar o valor perdido da estrutura latina. Véxanse algúns exemplos:

Malo ut legas Dico te venire Praetereo quod invidiam subieris		Prefiro que leas Digo que véis Non teño en conta que teñas envexa
--	--	--

Estas consideracións son as que permiten establecer o método de traballo a seguir: veremos as funcións sintácticas nas cales pode actuar un infinitivo conxugado tendo en conta, sempre, a semántica latina. Non nos podemos esquecer dela aínda que o estudo sexa funcional, e non podemos porque, como veremos, malia a neutralización de valores no *que* románico, subsisten casos diferenciados entre galego/portugués e español. E eses casos son os máis complicados de percibir para un alleo ás falas da faixa peninsular atlántica.

Vexamos xa os dous tipos de subordinación, cun especial tratamento á completiva.

2.1. En oracións completivas

Son as completivas o tipo de oracións subordinadas máis especializadas do latín. Dado que completan necesariamente o significado do verbo principal actúan como suxeito, complemento directo ou atributo, e este feito sintáctico xa estipula o tipo de verbo que as vai gobernar.

En xeral, son verbos que se distinguen por manifestaren características ligadas á psique e, por tanto, o seu complemento é unha subordinada; non é igual *ordeno que fagas o xantar* que *ordeno os libros* ou *xuntei o diñeiro*. O verbo *ordenar* pode implicar unha acción que depende da psique (*ordeno/mando que fagas o xantar*) ou non (*ordeno/poño en orde os libros*). Con todo, *xuntar* nunca aparecerá nunha oración completiva porque non implica acción mental ou afectiva (*xuntei o diñeiro* pero non **xuntei que...*).

Se reparamos con atención na cantidade de divisións semánticas dadas polas gramáticas, veremos que case todos os verbos no campo que nos ocupa poden agruparse en seis ou sete categorías: vontade, causa, licitación, temor, lingua, xuízo, existencia...

En latín, existían tres procedementos sintácticos esenciais para formar unha oración subordinada completiva: *quod + v. finito. ind*, *ut + v. finito. subx* e a *oración de infinitivo*.

- a) *Quod + v. finito*. Podían exercer a función de suxeito do verbo principal cun verbo intransitivo (asociadas semánticamente a verbos de acontecemento: *accidere* ‘acontecer, acaecer’, *evenire* ‘vir, suceder’, *contingere* ‘acontecer, ocorrer’) e de complemento directo [CD no resto do texto] (polo tanto, con verbos transitivos declarativos: *omittere* ‘omitir’, *gaudere* ‘gozar’, *declarare* ‘declarar’...). Todas elas presentaban un valor explicativo (< o feito de [que]).

⁴ Algúns verbos moi comúns podían empregar estas dúas estruturas: *Volo ut venias* ~ *volo te venire* (Quero que veñas).

⁵ *Quod* cedeu ante *quia* > *ca* na Idade Media, e con *quid* > *que* actual. Véxase Abuín (1971: 203-204), onde o autor dá unha explicación detallada do proceso.

- b) *Ut + v. finito*. Exercían a función de CD do verbo principal, polo tanto sempre con verbos transitivos. Semanticamente tiñan valor optativo cun matiz de finalidade; asociábanse aos chamados verbos de vontade: *velle* 'querer', *nolle* 'non querer', *malle* 'preferir' (na negativa, cos de receo e perigo; *timere* 'temer', *metuere* 'ter medo, temer').
- c) *Oración de infinitivo*. Nela, podía actuar o infinitivo de maneira **concertada** (cando o seu suxeito interno era igual que o do verbo principal) ou **non concertada** (cando non había concorrencia de suxeitos)⁶. Podían exercer a función de suxeito coa cópula –acompañada ou non de adxectivos– e con verbos intransitivos: *videri* 'parecer', *decere* 'convir', *oportere* 'ser preciso, ser necesario', *licere* 'ser lícito', *interesse* 'importar', *placere* 'agradar'. Con verbos transitivos actuaba como CD, sexa concertado (*posse* 'poder', *solere* 'adoitar', *debere* 'deber'...), sexa non concertado, e neste caso, o seu suxeito viña expresado no caso acusativo e o verbo da principal asociábase a verbos de vontade (*velle* 'querer', *cupere* 'desexar', *nolle* 'non querer', *malle* 'preferir', *petere* 'pretender', *decidere* 'decidir', *impedire* 'impedir', *recusare* 'recusar', *obstare* 'obstar', *timere* 'temer', *rogare* 'pedir', *monere* 'aconsellar'), de entendemento, xuízo, lingua (*credere* 'crer', *putare* 'pensar', *intelligere*, *capire* 'entender', *cogitare* 'coidar', *scire* 'saber', *opinari* 'opinar, vulgar', *animadvertere* 'advertir, darse de conta'; *dicere* 'dicir', *promittere* 'prometer', *nuntiare* 'anunciar', *negare* 'negar', *monstrare* 'mostrar', *scribere* 'escribir', *iurare* 'xurar') e percepción, influencia e causa (*videre* 'ver', *sentire* 'sentir', *audire* 'oír'; *tueri* 'mirar', *advertere* 'observar, notar', *auscultare* 'escoitar'; *monere* 'aconsellar', *iubere* 'ordenar', *imperare* 'mandar', *vetare* 'prohibir', *permittere* 'permitir', *rogare* 'pedir'; *lamentare* 'lamentar', *timere* 'temer', *excusare* 'desculpar', *permittere* 'deixar', *causare*, *efficere* 'facer que'). Tiña un valor informativo.

A oración de infinitivo era a fórmula máis produtiva para subordinar unha frase completiva. Xa no latín vulgar, porén, comezou a documentarse unha profunda mudanza na estrutura subordinada. Di Väänänen (2003: 251):

La prosa latina clásica ha desarrollado en medida considerable un sistema de subordinación, mientras que el habla familiar y popular, aun sin ignorar la sintaxis de la subordinación, ha hecho de ella un uso relativamente reducido y poco variado, sobre todo por cuanto se refiere a las oraciones completivas y circunstanciales.

No eido das completivas en que nos estamos movendo, a redución dos tres parámetros a *quod/quia/quid* (>*que*) fixo que este asumise todas as funcións e modos. Non obstante, a oración de infinitivo concertado mantense (*quero beber* = **eu quero que eu beba*). O non concertado pasou a ser substituído maioritariamente pola fórmula *que + verbo finito*. Con todo, durante o período medieval atopamos nas tres linguas consideradas a oración de infinitivo non concertado con verbos de (a) *entendemento, xuízo e lingua* por un lado, e con verbos de (b) *percepción, influencia e causa* por outro.

Na actualidade, (b) é usado nas tres linguas, mais (a), só no galego escasamente e no portugués común (aínda que algúns verbos xa se sente que forman parte dunha linguaxe máis coidada).

Retomemos as palabras de Huber (1986): se o infinitivo conxugado actúa reducindo unha oración completiva, entón a fórmula [*que + v. ind/subx*] equivale a [(*prep*) + *inf. conx*].

A seguir, pódese ver o percorrido das completivas agrupadas segundo as restricións marcadas pola semántica do verbo principal na escolla do nexo. As frechas indican a solución esperable no español do infinitivo conxugado galego e portugués. Trataremos as construcións que utilizan o infinitivo.

⁶ Usaremos no resto do texto esta terminoloxía (*suxeito concertado*: mesmo suxeito; *suxeito non concertado*: diferente suxeito) para continuar coa terminoloxía clásica asociada ao infinitivo latino.

A) En función de **suxeito**:

a) Verbos de acontecemento. Latín [*quod + ind.*]. “**Accidit quod** eum nusquam vidisti” (*Ad Atticum*, Cicerón). Acontece que nunca o chegaches a ver/Acontece nunca o chegares a ver.

Estas oracións poden aparecer co infinitivo de xeito impersonal, como o exemplo español (5) que se verá a seguir, ou acompañadas dun dativo que indica semanticamente o suxeito do tal infinitivo (en letra itálica no texto, os exemplos 1 e 3). Cando se quere especificar formalmente o suxeito do infinitivo, as tres linguas utilizan *que + v. finito*. Con todo, galego e portugués poden utilizar o infinitivo conxugado (► 2 e 4) ofrecendo o mesmo resultado. Os exemplos 6 e 7 corresponden ás traducións españolas do infinitivo conxugado (fórmula que se repetirá ao longo do texto).

Latín vulgar	Galego e portugués	Español
[quod/quia + v]	[que + v]	[que + v]
[infinitivo]	[infinitivo concertado]	[infinitivo concertado]
	[infinitivo conxugado]	

Galego

(1) “**Aconteceume botar** catro días nos Alpes tiroleses” (*O rei dos ameneiros*, Rodríguez Baixeras, 1987)

► (2) “[...] en Galicia domina o réxime nocturno e as cousas adoitan **sucedер seren** “vistas” de noite” (*Pra comprendermos Galicia*, Chao Rego, 1988)

Portugués

(3) “Quando em tal *lhe* **acontece pensar**, não consegue repelir de si uma dúvida” (*História do Cerco de Lisboa*, Saramago, 1989)

► (4) “Muita vez **acontecia virem** buscá-lo” (*Cerramaior*, M. de Fonseca, 1943)

Español

(5) “Así **acontecía ir** con carga al campo y **volver** capitán con insignia de honra” (*Historia natural y moral de las Indias*, J. de Acosta, 1570)

(6) >(2) G– [...] *suele suceder* [**que las cosas son vistas = se ven**] de noche

(7) >(4) P– Muchas veces **acontecía** [**que venían**] a buscarlo

b) Verbos e expresións de existencia. Latín [*oración de infinitivo*]. “Docto homini **vivere est cogitare**” (*Tusculanae Quaestiones*, Cicerón). Para o home sabio, vivir é pensar.

Neste caso, o infinitivo non flexionado é usado de modo impersonal (8, 9, 11 e 12). Cando se precisa especificar formalmente o suxeito da estrutura copulativa, pódese usar *que + v. finito*. O infinitivo flexionado permite que galego e portugués (► 10 e 13) mesturen as dúas estruturas nunha: uso do infinitivo cos morfemas que identifican os suxeitos dados pola completiva *que + v. finito*.

Latín vulgar	Galego e portugués	Español
[infinitivo]	[infinitivo]	[infinitivo]
[(ser) + adx + que]	[(ser) + adx + que]	[(ser) + adx + que]
	[infinitivo conxugado]	[que+v]

Galego

(8) “**Vivir é chegar** á máxima expansión das vivencias” (*As facianas do erotismo contemporáneo*, G.-Sabell, 1976)

(9) “Non **é preciso** se **facer** sangue, abonda con que deas a modo [...]” (*Tic-tac*, Suso de Toro, 1993)

► (10) “**É preciso** non **discutirmos** agora e **decidirmos** dunha vez o que hai que **facer**” (*O reverso do espello*, Xosé R. Pena, 1984)

Portugués

(11) “Diz o poeta que **viver é gozar**” (*Os Lobisomens*, Araújo Porto, 1862)

(12) “Os impostos **é necessário pagá-los**” (*A queda dum Anjo*, Castelo Branco, 1866)

► (13) “**É preciso teres** juízo” (*Cárcere invisível*, F. Costa, 1972)

Español

(14) “**Vivir es bailar** sobre la propia tumba” (*El nombre prestado*, S. Gertopan, 1997)

(15) “No basta la virtud, **es necesario saber** aparentar-la” (*La Regenta*, Clarín, 1876)

(16) > (10) G– **Es necesario [que no discutamos y que decidamos]**

(17) > (13) P– **Es preciso [que tengas]**

c) Verbos intransitivos. Latín [*oración de infinitivo*] (concertado). “**Oportet esse** ut vivas, non **vivere** ut edas” (*Rhetoricum ad Herennium*, Cicerón). Convén/importa comer para vivir, non vivir para comer.

As de suxeito concertado poden aparecer impersonalizadas, como é o seguinte exemplo do español (22, aplicable ao galego e ao portugués, 18 e 20), ou cun complemento indirecto expreso (no texto, en itálico, 18 e 20) que indica semanticamente o suxeito do infinitivo. Cando se quere especificar formalmente esa función, as tres linguas utilizan *que + v. finito*, non obstante, galego e portugués poden utilizar o infinitivo conxugado obtendo o mesmo resultado (► 19 e 21).

Latín vulgar	Galego e portugués	Español
[infinitivo concertado]	[infinitivo concertado]	[infinitivo concertado]
[quod/quia + v + subx]	[infinitivo conxugado] →	[que + v + subx]
	[que + v + subx]	

Galego

(18) suxeito concertado: “Escoitádeme, pois, que vos falo do que vos **convén ter** na memoria” (*O tío Marcos da Portela*, 1876)

► (19) suxeito non concertado: “Mais **cómpre sermos** coidadosos ó abordar este tema” (*O pensamento epocal en Celestino Fdez de la Vega*, C. Fernández, 1988)

Portugués

(20) suxeito concertado: “Cecília recebeu a carta e hesitou sobre o que *lhe* **convinha fazer**” (*Uma Família Inglesa*, Dinis, 1868)

► (21) suxeito non concertado: “**Convém fazermos** relação do que passou António de Saldanha” (*Décadas da Ásia*, I, J. de Barros, 1552)

Español

(22) suxeito concertado: “Vaya noticia. - **Conviene repetirla**, che”. (*Rayuela*, Julio Cortázar, 1963)

(23) > (19) G– **Es necesario [que seamos]**

(24) > (21) P– **Conviene [que hagamos]**

Na actualidade, tamén se encontra o infinitivo como suxeito dun verbo transitivo, debido, como xa se ten afirmado, á natureza nominal do infinitivo:

Galego

(25) “**Ter animais dá moito traballo**” (*Arredor da muller en 18 mundos*, Ú. Heinze, 1985)

Portugués

(26) “Em que medida o **saber falar pode** ser tomado pela totalidade do saber?” (*Sofistas* (séc. V - IV a.C.), Enciclopêdia Brasileira)

Español

(27) “El **verla me da** la vida y el **no verla me da** muerte” (*La mesonera del cielo*, Mira de Amescua, 1609)

B) En función de **complemento directo**:

a) Verbos declarativos. Latín [*quod + ind*]. “**Mitto quod** invidiam subieris” (*Epistulae ad Familiares*, Cicerón). [Omito/Paso por alto] que teñas envexa.

Neste caso, nas de suxeito concertado pode alternar a estrutura *que + v. finito* (primitiva na lingua <*quod* explicativo), co infinitivo (28, 29, 33, 34, 38 e 39). Os exemplos galego e portugués 29 e 34 corresponden á construción infinitiva na cal se podería encontrar un infinitivo conxugado pleonástico, aínda que é infrecuente (“Trátase de persoas que desde hai tempo **declaran estaren** a prol da política do muiñeiro de Lalín”, “Vários reféns **afirmaram terem** ouvido os sequestradores discutindo o plano”) e que se observa nos exemplos **30** e **35**, mais, como afirman Álvarez e Xove (2002: 138):

Algúns verbos –coma os declarativos e similares, algúns deles usados tamén no discurso indirecto: *dicir, negar, declarar, xurar, crer, supoñer, coidar, admitir...*– constrúense habitualmente con *que* mesmo se os suxeitos coinciden, aínda que aceptan a construción con infinitivo (non flexionado) en rexistros bastante elevados.

Nas de suxeito non concertado, a construción da conxunción co verbo finito é a única posible en español actual polas razóns xa descritas (como demostran as traducións nos exemplos 44 e 45), aínda que na lingua antiga atopábanse casos de clara influencia latina (a oración de infinitivo; exemplos 42 e 43), que continúan na actualidade en galego e portugués co infinitivo conxugado (► 31, 32, 36 e 37).

Latín vulgar	Galego e portugués	Español
	infinitivo concertado	infinitivo concertado
[<i>quod/quia + v + ind</i>]	[<i>que + v + ind</i>]	[<i>que + v + ind</i>]
	[infinitivo conxugado] ...	[infinitivo non conc] (arcaico)

Galego

Suxeito concertado:

(28) “Dona Rosa **declarou “ter** apetito” e os demais dixeron compartir ese degoiro” (*O paxaro que canta un nome*, Lorenzo Tomé, 1996)

(29) “Trátase de persoas que desde hai tempo **declaran estar** a prol da política do muiñeiro de Lalín” (*A Nosa Terra*, 2003)

(30) uso pleonástico: “Ben vedes que os nosos emperadores se chaman cristiáns e **afirman teren** moita fe” (*Amantia*, Queizán, 1984)

Suxeito non concertado:

► (31) “Días antes Tierno Galván **viña de declarar** en Galiza **seren** mellores as súas relacións coa Federación” (*Os partidos políticos na Galiza, La Voz de Galicia*, Taibo/Rivas, 1977)

► (32) “**Propúxenlle saírmos** á rúa” (*Arqueofaxia*, M. Lourenzo Glez, 1995)

Portugués

Suxeito concertado:

(33) “Mostrei a carta a Cristiano, que me **declarou ter** liquidado os bens do Sr. Rubião” (*Quincas Borba*, Machado de Assis, 1891)

(34) “Vários reféns **afirmaram ter** ouvido os sequestradores discutindo o plano” (*Folha de São Paulo*, 1994)

(35) uso pleonástico: “Eles publicaram artigo [...], em o qual **afirmaram terem** recusado diversas propostas de trabalho” (*Folha de São Paulo*, 1994)

Suxeito non concertado:

► (36) “Jorge Gonçalves da SPEL **declarou serem** essencialmente produtos voláteis” (*Público*, jornal, 1991)

► (37) “Tenho que achar; caso contrário, **terei que admitir serem** acontecimentos fortuitos” (*O silêncio da chuva*, Garcia-Roza, 1996)

Español

Suxeito concertado:

(38) “La trabajadora social (¿Mayte Unzátegui?) **declaró estar** encinta y el ex-sargento Lituma **admitió ser** el padre de la criatura” (*La tía Julia y el escribidor*, V. Llosa, 1977)

(39) “Según el censo de 1990, un total de 50.051 personas **afirman descender** de esta tribu” (*Apache*, *Enc. Encarta*, s.xx)

(40)>(30) G– *afirman* [**tener / que tienen**]

(41)>(35) P– *afirmaron* [**tener / que tenían**]

Suxeito non concertado:

(42) “*Aristotiles declaro ser las cosas naturales*” (*Moreh Nevukim*, Moises ben Maimon, trad. s.xv)

(43) “Por cierto *el declara ser ellos culpados*” (*Caída de príncipes*, Boccaccio, trad. de López de Ayala y Alonso de Cartagena, 1430)

(44)>(31 e 32) G– [**que en Galicia eran**] / [**que saliésemos**]

(45)>(36 e 37) P– [**que eran**] / [**que son**]

b) Verbos que rexen infinitivo (verbos modais). Latín [*oración de infinitivo*] (concertado). “Praeterita **mutare non possumus**, sed futura **providere debemus**” (*In Pisonem*, Cicerón). Non podemos mudar o pasado, mais debemos prever o futuro.

Latín vulgar
[infinitivo concertado]

Galego e portugués
[infinitivo concertado]

Español
[infinitivo concertado]

Galego

Suxeito concertado:

(46) “**Podíamos pasalo** ben, si señor” (*Dende a muralla*, Paco Martín, 1990)

(47) “No verán **deberían prohibí-lo** vento” (*Remuíños en coiro*, Ú. Heinze, 1984)

Portugués

Suxeito concertado:

(48) “Realmente uma moça bonita não **pode ter** maior satisfação” (*A Pata da Gazela*, J. de Alencar, 1870)

(49) “Você já **devia ter** vindo há mais de uma semana” (*Estrada 43*, Cardoso Pires, 1955)

Español

Suxeito concertado

(50) "Pues todo se **podía esperar** de su mucha hacienda y de mi buena fama" (*D. Quijote*, I, Cervantes, 1605)

(51) "Una ocasión así no se **debe desperdiciar**" (*Cuentos*, Guido Rodríguez, 1993)

Aínda que non se trate de oracións completivas *stricto sensu*, acollemos estas estruturas porque presentan o infinitivo conxugado na lingua actual en galego cando, en principio, parece que non se debería atopar. Como lembra Gondar (1978: 156): "cos verbos auxiliares a unión é tan estreita que mesmo se pode decir que forman unha unidade, e por tanto, a desinencia persoal do infinitivo está de sobra porque o suxeito xa ven indicado pola do verbo auxiliar". Con todo, admite que en galego a distancia entre o infinitivo e o verbo rexente é un factor que facilita a aparición do infinitivo conxugado "porque o falante quere evitar a ambigüedade ou simplemente manter clara a idea da persoa que realiza a acción" (1978: 158):

(52) "Se temos acceso ó fondo da biblioteca, a través dos seus listados, ficheiros ou catálogos, e persoalmente se é de libre acceso **poderemos atopa-lo** material desexado, ou **sabermos** que non está á nosa disposición" (*¿Qué é unha biblioteca?*, Lois Arribas, 1989)

Tamén se documenta o uso pleonástico, no galego moderno, con baixa frecuencia:

(53) "Os movementos conspirativos en contra da vontade popular democraticamente expresada **deben seren** controlados e coutados de raíz polos medios que a propia soberanía popular ten á súa man" (*Tempos Novos*, Rodríguez Pardo, Xosé Luís, 1998)

En ambos os dous casos, o equivalente español sería o infinitivo (*saber* e *ser*).

c) Verbos de vontade. O latín usaba [*ut + subx*] para a apelación e a [*oración de infinitivo*] (concertado/non concertado) para a afirmación. "**Optavit ut** currus patris tolleretur" (*De Amicitia*, Cicerón). Pediu que lle permitisen subir ao carro do pai. / "**Cupio**, patres conscripti, **me esse** clementem" (*Oratio in Catilinam*, Cicerón). Desexo, senadores, ser [*que eu sexa] clemente.

Aínda que este tipo de oracións podía introducir a subordinada coa conxunción *ut* e coa *oración de infinitivo*, sábese que xa no latín clásico eran máis frecuentes as conxuncionais na fala familiar. Afirma Väänänen (2003: 251) que: "Hasta en la lengua literaria misma subsisten ciertos giros asindéticos primitivos, como las frases de expresión de voluntad asindéticas del tipo *volo facias* 'quiero que hagas'".

Polo tanto, se *ut* era máis usado (e na fala mesmo podía desaparecer, como no exemplo dado polo filólogo finlandés) e *quod* > *quid* > *que* gañou todos os espazos para introducir as subordinadas cuxo verbo principal indicaba vontade, acabou por desaparecer a posibilidade de usar na fala actual un infinitivo conxugado. Non é posible **quero vires* senón *quero que veñas*. Só se aplica o infinitivo cando os suxeitos son concorrentes: *quero vir*.

Latín vulgar
[quod/quia + v + subx]
[infinitivo concertado]

Galego e portugués
[que + v + subx]
[infinitivo concertado]

Español
[que + v + subx]
[infinitivo concertado]

Galego

(54) suxeito non concertado: "**Quero que me bique** pola súa vontade" (*O cabodano*, Euloxio Ruibal, 1977)

(55) suxeito concertado: "O Eladio de Xil avisáranos moi avisados que **quería saír** da cidade con día" (*A excursión*, Darío X. Cabana, 1992)

Portugués

(56) suxeito non concertado: "Senti-me figura [...] e **desejei que** o soalho **me tragasse**" (*A Cidade do Vício*, F. de Almeida, 1882)

(57) suxeito concertado: "Sei que vocês foram lá e **quero saber** como ela é por dentro" (*O homem sem nome*, J. Aguiar, 1986)

Español

(58) suxeito non concertado: "Secretamente **quiere que venga** Celestina" (*Comedia de Calisto y Melibea*, F. de Rojas, 1499)

(59) suxeito concertado: "**Quiero decir...** Señores, mi mujer está loca..." (*La Regenta*, Clarín, 1876)

- d) Verbos de entendemento, xuízo e lingua. Latín [*oración de infinitivo*] (concertado/non concertado). "**Id** non divinitus **esse factum putatis?**" (*Oratio in Catilinam*, Cicerón). Cre-des que isto non sucedeu por vontade divina? / "**Dico** te priore nocte **venisse**" (*Oratio in Catilinam*, Cicerón). Digo que viñeches a noite anterior.

Neste caso, aínda que a *oración de infinitivo* era a única estrutura no latín que introducía subordinadas dependentes deste tipo de verbos, hoxe en día a conxunción e mais o verbo finito son a fórmula máis usada, "mesmo se os suxeitos coinciden, aínda que aceptan a construción con infinitivo (non flexionado) en rexistros bastante elevados" (cfr. Álvarez e Xove, 2002: 138) como se observa nos exemplos 61, 66, 70 e 71. Cando non hai concorrencia de suxeitos, ao pé da estrutura románica [*que + v. finito*], galego e portugués poden utilizar o infinitivo conxugado (► 62, 63, 64, 67, 68 e 69). Tamén o español co seu único infinitivo, daquela, nas terceiras persoas e con verbos copulativos. *A Nueva gramática de la lengua española* (2009: 2013) di que: "Los grupos verbales de infinitivo en función predicativa, sobre todo los construidos con **ser** y **estar**, eran muy frecuentes en la lengua antigua subordinados a verbos de *entendimiento*, de *juicio* y, a veces, de *lengua*" (72, 73 e 74).

Na lingua portuguesa, estes grupos verbais son máis comúns na actualidade (case exclusivamente con *ser*, *ter* e *estar*⁷) nun rexistro culto, que no galego⁸. Pola súa parte, en español o seu uso decaeu no século XVIII⁹, aínda se documenta no XIX e no XX é infrecuente.

⁷ Unha busca exhaustiva no <http://www.corpusdoportugues.org/> deu como resultado unha ampla maioría para as formas conxuncionais (Creio que são / *Creio serem*; Penso que estão / *Penso estarem*; Entendi que eram / *Entendi serem*; Julgo que tens-és-estás / *Julgo teres-seres-estares*; Diz que são-estão-têm / *Diz serem-estarem-terem*; Prometi que eram / *Prometi serem*; Anunciei que são-estão-têm / *Anunciei serem-estarem-terem*; Nego que são-estão-têm / *Nego serem-estarem-terem*; Juro que são-estão-têm / *Juro serem-estarem-terem*).

⁸ Xa se viu a opinión de Álvarez e Xove (2002); con todo, Abuín (1971: 202) proporciona datos interesantes que parecen demostrar a continuidade románica da construción infinitiva latina baixo a forma do infinitivo conxugado:

"El Habla de Castilla se ve obligada a no poder utilizar Infinitivo más que cuando principal y subordinada completa tienen el mismo sujeto: "Desea estar conmigo"; pero no cuando el sujeto es distinto: "Desea que estemos juntos", caso en que utiliza una completiva integrante. En cambio, el habla arosana [reférese ao español falado en Arousa cheo de galeguismos] en ambos casos puede utilizar completiva de infinitivo: "Desea estar conmigo" y "desea estarmos juntos". Y así: "Opino marcharnos a casa", "Pienso seres discreto", etc. de una extraordinaria fuerza expresiva y brevedad. En resumen: el habla arosana mantiene, gracias al Infinitivo Personal, la forma sintética latina en la oración subordinada completiva con sujeto implícito en el verbo, unida directamente a su oración principal, en casos en que el castellano se ve obligado a la forma analítica con "que" más modo finito. Con lo que, como en latín también, abundan más que en castellano los tipos de oración completiva de Infinitivo".

⁹ É de supoñer que a construción española é un calco da oración de infinitivo latina recuperada na linguaxe culta na Idade Media, tentativa de recrear o estilo clásico. O feito de ser estilo culto e non patrimonial provocou a desaparición progresiva.

Latín vulgar	Galego e portugués	Español
[infinitivo concertado]	[infinitivo concertado] [infinitivo conxugado > ser, ter, estar]▶	[infinitivo concertado] [infinitivo non concer > ser, estar] (<i>ata o século XIX na literatura</i>)
[quod/quia + v + ind]	[que + v + ind] (<i>uso moderno máis estendido</i>)	[que + v + ind] (<i>uso xeral</i>)

Galego

Suxeito concertado:

(60) "Eu esta noite **penso coller** unha trompa coma un piano" (*Saxo teor*, Vidal Bolaño, 1993)

(61) "Non **creo ser** tan pervertido" (*Tánata*, A. Risco, 1998)

Suxeito non concertado:

▶ (62) "Demos un paseo en lancha de motor polas canles da Cruña, as que **considerou seren** menos numerosas e máis modernas que as de Amsterdam" (*A fundición e outras narracións*, I. Taibo, 1978)

▶ (63) "**Dicía** o criado de Xinxín **seren** elas meigas" (*Arraianos*, M. Ferrín, 1991)

▶ (64) "Aquela tarde, [...] **admitiu teren coñecido** polo seu tío o mal do caruncho" (*O lume de Santo Antón*, García Mañá, 1997)

Portugués

Suxeito concertado:

(65) "O libro debía ser algun esquecemento de quem **pensa ir** conquistar Paris" (*Nome de Guerra*, A. Negreiros, 1925)

(66) "**Creio ter** visto V. Ex^a na galeria da Cámara dos Deputados" (*O Conde d'Abranhos*, E. de Queirós, 1925)

Suxeito non concertado:

▶ (67) "Uma massa amorfa de votantes que se **julga estarem** às ordens" (*Público*, jornal, 1995)

▶ (68) "*Os socialistas consideram estarem reunidas as condições* para que o PS vença nas próximas eleições" (*Biblioteca Universal*, 1997)

▶ (69) "Pintava pássaros amarelos que **dizia serem** do tamaño de moscas" (*O vale da Paixão*, L. Jorge, 1998)

Español

Suxeito concertado:

(70) "Yo también **pienso ir** mañana al ser de día a Vetusta..." (*La Regenta*, Clarín, 1876)

(71) "**Creo haber** sido su único admirador del puerto" (*Ayer soñé con Valparaíso*, Peña Muñoz, 1999)

Suxeito non concertado:

(72) "**Creyeron ser la opinión** suya errada" (*Bías contra fortuna*, Marqués de Santillana, s. xv)

(73) "**Creó ser ratones** los que el daño habían hecho" (*Lazarillo*, Anónimo, 1554)

(74) "¿Quién te movió a matarme mis soldados, pues **veías ser imposible el escaparte?**" (*Don Quijote, II*, Cervantes, 1615)

(75) > (62, 63 e 64) G- [*consideró que eran*]; [*decía que eran*]; [*admitió que habían conocido*]

(76) > (67, 68 e 69) P- [*creo que están*]; [*considera que están*]; [*decía que eran*]

e) Verbos de percepción (ind), influencia (subx) e causa (subx). Latín [*oración de infinitivo*] (non concertado). "**Vide esse** hic in senatu **quosdam**, qui tecum una fuerunt" (*Oratio in Catilinam*, Cicerón). Vexo [*estaren/que están*] no senado **algúns** que estiveron unha vez


contigo. / “**Exire** ex urbe iubet consul **hostem**” (*Oratio in Catilinam*, Cicerón). O cónsul ordena [saír o inimigo/*que saía*] da cidade.

Neste punto, o uso fixou o emprego das estruturas con infinitivo ou coa conxunción. Nas tres linguas poden encontrarse indistintamente, aínda que na fala familiar predomina a construción do infinitivo (tratadas pola gramática tradicional como oracións con suxeito en acusativo; 77, 83 e 89). Convén facer, non obstante, algunha observación naquelas con suxeito non concertado (78, 79, 80, 84, 85, 86, 90, 91 e 92). De entre os verbos de percepción que admiten a construción do infinitivo con función predicativa, *ver* é o máis usado (*mirar, observar, notar, sentir, oír, escoitar*). Aínda así, a *Nueva gramática de la lengua española* (2009: 2013) di que se encontra na actualidade en construcións limitadas sintáctica e semanticamente: aceptan accións ou movementos (*La vi acercarse*), cando se constrúen con subordinada substantiva admiten estados e propiedades (*Vi que tenía razón*) pero non con infinitivo (**La vi tener razón*). Non se aplicaba esta restrición na lingua antiga (93 e 94). Estas consideracións para o español poden ser aplicadas *grosso modo* ao galego e ao portugués. Os exemplos españois antigos aparecen cos verbos *ser* e *estar*, os mesmos que provocaban a utilización do infinitivo conxugado en portugués (► 87 e 88), tamén en épocas pasadas e de pouco rendemento. O mesmo acontece cos verbos de influencia¹⁰.

No galego actual, esta estrutura non se encontra documentada e no antigo non atopamos ningunha ocorrencia; os exemplos dados (81 e 82), un do séc. XIII e outro do XIV, poderían aparecer co infinitivo persoal (**viu**-os come porcos contra si **viir** > **viu**-os ... **contra si viren**; **mandei** ao dito abade e convento **dar** esta mia carta > **mandei** [a eles] **daren** esta mia carta). Con todo, son así documentados, dando a idea da súa posible inexistencia¹¹. En portugués, os dous exemplos (► 87 e 88) responden a escritos do séc. XVII, non atopamos ocorrencias posteriores nos corpus consultados¹². Cunha e Cintra (1984: 470), despois de afirmaren que con estes verbos o uso do infinitivo conxugado é restrinxido, din referíndose aos verbos de mandato:

Por vezes, a construção com o conjuntivo é pesada ou malsoante. Convém, nesses casos, substituí-la por uma forma expressional equivalente. O infinitivo: *O professor mandou que o aluno lesse um romance; O professor mandou o aluno ler um romance. / Exortava os companheiros a que continuassem a resistência; Exortava os companheiros a continuarem a resistência*¹³.

Como se observa, e en xeral, din Álvarez e Xove (2002: 138) ao falar das diferenzas entre as oracións conxuncionais e as de infinitivo sen nexo: “Sendo os suxeitos distintos, pódese hipoteticamente recorrer ó infinitivo flexionado, pero a penas se usa porque se opta por *que* con verbo modotemporal”.



¹⁰ Véxase Regueira Fdez. (2001).

¹¹ Véxase López Martínez (1991).

¹² Cabe dicir que, na lingua portuguesa, o uso no Brasil é máis conservador que en Portugal.

¹³ En Portugal, non son de recibo as partes en itálico: Sentido > Vejo que elas são-saem-correm / Vejo-as ser(*em*)-sair(*em*)-correr(*em*); Ouvi que eram-tinham-iam / Ouvi-os [ser(*em*)-ter(*em*)-ir(*em*)]. Mandato > Ordenou que fizessem / Ordenou fazer(*em*); Mandou que construissem / Mandou construir(*em*). Causa: Deixou que saíssem / Deixou-os sair(*em*).

Galego

Suxeito concertado (só cando o CD concorda co suxeito):

(77) "**Véxome beber**, e **pedir** outra copa, e **beber** e **querer** ver o mar" (*Estación Término Georgette*, D. Pérez Iglesias, 1993)

Suxeito non concertado:

(78) "Eu **vinos camiñar** polo corredor, o vello diante, dándolle de propósito as costas ao rapaz" (*Código morse*, X. Alcalá, 1996)

(79) "Eu **óioas chorar** ás veces" (*Morrer na herba*, Xavier Manteiga, 1995)

(80) "Supoño que non **me mandaches chamar** para darme o pésame" (*Antígona*, Queizán, 1989)

(81) "En seu leito, u jazia por dormir, || **viu**-os come porcos contra si **viir** || atan espantosos, que per ren guarir" (*Cantiga Sta. María*, Afonso X, 1264-1284)

(82) "Entestemunno deste **mandei** ao dito abade e convento **dar** esta mia carta data en Caminha dezesex días de julho" (*Prosa notarial*, 1363, Tui)

Portugués

Suxeito concertado (só cando o CD concorda co suxeito):

(83) "**Ouço-me a contar**-lhe em voz humilde e hesitante os sacrificios que fizemos" (*Páscoa Feliz*, J. Rodrigues Miguéis, 1932)

Suxeito non concertado:

(84) "Respirou fundo e prosseguiu: **Vi morrer** minha mãe" (*Partir, a Tarefa Acabada*, R. de Freitas, 1968)

(85) "**Ouvi dizer**, até, que está doente" (*A Máscara e o Destino*, Guedes de Amorim, 1944)

(86) "**Mandou chamar** o barbeiro à sua presença" (*Autópsia de um mar de ruínas*, J. de Melo, 1992)

► (87) "As suspeitas dos motores que comumente se **vê serem** eclesiásticos e seculares" (*Cartas*, Padre A. Vieira, 1626/92)

► (88) "Dizia ele que pera os clérigos que **ordenava estarem** armados contra os vícios" (*A vida de Frei Bertolameu dos Mártires*, L. de Sousa, 1606)

Espanñol

Suxeito concertado (só cando o CD concorda co suxeito):

(89) "Y así **me veo morir**, que viva o no viva" (*Cómo ha de ser el Privado*, F. de Quevedo, 1612)

Suxeito non concertado:

(90) "Mi madre me lavó la pierna y **la vi llorar**" (*Paredes, un campesino extremeño*, Chamizo, 1963)

(91) "Úrsula **los oyó pasar** desde su lecho de tinieblas" (*Cien años de Soledad*, G. Márquez, 1967)

(92) "Le **mandó dar** el Rey a Pedro dos mil quinientos ducados" (*Cuentos de Pedro Urde-males*, R. A. Laval, 1925)

(93) "Non pude aver conclusión, aunque **los vi ser** plazientes, a difnir responsión" (*Triun-fete de amor*, M. de Santillana, 1430)

(94) "**Algunos veo estar** llorando" (*Obras*, Fray Luis de Granada, 1771)

(95) >(87 e 88) P- [...] se ve [**que son**] eclesiásticos / que **ordenava [que estuviesen]** armados...

Cómpre dicir que existen, ás veces, diverxencias na concepción sintáctica dalgúns verbos. Por exemplo, *lamentar* e *desculpar*, construídos de maneira diferente en portugués, fronte ao galego e ao español.

LAMENTAR

Galego

Suxeito concertado:

(96) "Agora que marchades **lamento** tervos xulgado mal" (*Unha primavera para Aldara*, T. Moure, 2008)

(97) "**Lamentou non traer** consigo un pano na cabeza, sequera fose" (*Vento de seda*, Iglesias Araúxo, 1992)

(98) hipotético uso pleonástico: "¿Ou **lamentarán non ter** tomado partido?...?" (*Narcos*, C. Reigosa, 2001). Non se atoparon casos con infinitivo conxugado.

Suxeito non concertado:

(99) "Só **lamento que ocorra** cando ti estás aquí" (*Avenida do Parque*, 17, Fdez Paz, 1996)

(100) "**Lamento que non** poida ser hoxe" (*O lume de Santo Antón*, García Mañá, 1997). Non se atoparon casos co infinitivo conxugado.

Portugués

Suxeito concertado:

(101) "É seu cunhado e, **lamento ter** de o dizer, seu amante" (*O Primo Basílio*, E. de Queirós, 1878)

(102) "O contrabandista **lamentou não conseguir** encontrar as espingardas" (*O fosso e o pêndulo*, Costa Gomes, 1984)

(103) hipotético uso pleonástico: "Há muitos doentes que **lamentam não poder voltar** a ter um sono normal" (*Enciclopêdia Brasileira*, s.xx)

► (104) só atopamos o infinitivo conxugado antecedido de *não*: "Os autarcas das freguesias **lamentam não terem** sido consultados" (*Biblioteca Universal*, 1997)

Suxeito non concertado:

(105) "**Lamentou que** o modelo do português dos bons tempos **se baralhasse** com os usos modernos e viciosos" (*A queda dum Anjo*, Castelo Branco, 1866)

► (106) só se atopou o infinitivo conxugado antecedido de *não*: "É caso para **lamentar não seres** tu homem, ou **ser** eu mulher!" (*Livro de uma Sogra*, Aulísio Azevedo, 1895)

Español

Suxeito concertado:

(107) "Pues **lamento decirle** que se equivocó de persona" (*El último vuelo del pájaro campana*, Andrés Colmán, 1995)

(108) "**Lamentó no estar** en condiciones de hacer su tesis doctoral" (*El camino*, M. Delibes, 1950)

(109) "Pero esto no quita para que **lamentemos haber** venido al mundo" (*Epistolario*, Á. Ganivet, 1882)

(110)>(104) P- *lamentan* [**no haber sido / que no hayan sido**]

Suxeito non concertado:

(111) "**Lamento que** hayas tenido que realizar inútilmente la tarea" (*Fecundación fraudulenta*, Ricardo Ludovico, 1990)

(112) "**Lamentaron que no hubiera** más fondo en los sermones del prelado" (*La Regenta*, Clarín, 1876)

(113)>(106) P- *lamentar* [**que no seas tú**] ... [**que no sea yo**]

DESCULPAR

Galego

Suxeito concertado: uso reflexivo e rexido.

Suxeito non concertado:

- (114) “Eu **desculpo** que os **prendera** vostede” (*O fidalgo*, S. Luis Romero, 1925)
- (115) “**Desculpa** que fale así, Luís, pero xa ves que a ela non lle parece mal...” (*Dende a muralla*, Paco Martín, 1990)
- (116) “Na miña modesta opinión, por diversas outras razóns, que espero **se me desculpe silenciar** aquí” (*A indócil liberdade de nomear*, C. P. Martínez Pereiro, 1999) [só atopamos esta ocorrencia]
- Sen ocorrencias co infinitivo conxugado.

Portugués

- Sen ocorrencias co suxeito concertado.
- Suxeito non concertado:
- (117) “Não **desculpo** que me **tenhas roubado** parte do meu pasado” (Blog da Internet, 2010)
- (118) “**Desculpe** que eu lhe **diga** mas acho que você...” (*Os nós e os laços*, Alçada Baptista, 1935)
- (119) “Querido Amâncio. **Desculpe tratá-lo** com esta liberdade” (*Casa de Pensão*, Aulísio Azevedo, 1884)
- (120) “Mas samym nã me **desculpa serdes** vos tam acabada” (*Cancioneiro de Resende*, G. de Resende, 1516) [uso restrinxido]
- (121) Uso xeral: “**Desculpem exprimir-me** assim, mas a ciência é a ciência” (*O Crime do Padre Amaro*, E. de Queirós, 1885) > Desculpem [eu estar a] exprimir-me assim
- (122) “**Desculpa estarmos a perguntar**, mas estamos curiosas!” (<http://7irmaos.blogs.sapo.pt/410.html>, 2009)

Español

- Sen ocorrencias co suxeito concertado.
- (123) suxeito non concertado: “Bueno, **te disculpo** porque no **sabías** mi casa ahora” (*El gran simpático*, Felipe Trigo, 1890)
- (124) “**Disculpa** que te **hayamos** prácticamente secuestrado amigo” (*El principiante*, Samuel Velarde, 1999)
- (125) “Bien quisiera hallar motivo de accidente, que **disculpe haber-nos** los dos perdido” (*La piedra filosofal*, Fco. Antonio de Bances, 1683) [única ocorrencia atopada]
- (126) > (120, 121 e 122) P– non me **desculpa [que sexades]**; **desculpen [que me exprese]**; **Disculpa [que estemos preguntando/que preguntemos]**

Estes dous infinitivos están datados pola primeira vez no século xv, deberon entrar na lingua como cultismos admitindo a oración de infinitivo. Aínda así, a semántica está asociada aos verbos de sentimento (que actúan como os volitivos).

2.2. En oracións circunstanciais

O uso universal de *que* provocou, como xa se afirmou, a desaparición de case todos os nexos latinos (*ut*: final, consecutivo, temporal, modal e concesivo; *cum*: temporal, causal; *tametsi*: concesivo; *etsi*: concesivo...). Ora ben, a conxunción *que* empezou a reforzarse con preposicións¹⁴ e adverbios para marcar os diferentes matices: *para* + *que*: finalidade, *por* + *que* > *porque*: causa, *aínda* + *que*: concesión, *desde* + *que*: temporalidade, etc.

A condición nominal do infinitivo permítelle aparecer tras preposición. Daquela, se na lingua existe unha locución prepositiva co mesmo valor que a conxunción ou locución conxuntiva usada como nexos, pódense substituír esta e o verbo finito por un infinitivo conxugado: *aínda que* = *a pesar de*, *porque* = *por*, etc.

¹⁴ Léase o que di ao respecto Mattos e Silva (1997: 115): “É o *que*, entretanto, o elemento mórfico que estará na base das numerosas locucións conxuntivas que se constituíran no portugués, como nas outras linguas románicas: *des que* (*arc*), *desde que*, *sem que*, *ante que* (*arc*), *antes que*, *assim que*, *aínda que*, *já que*, *por tal que*, *tanto que*; *de modo que*, *de sorte que*; *visto que*, etc.”

(127) **Aínda que viñestes** tarde, sobrou comida = **A pesar de virdes** tarde, sobrou comida.

(128) Non traballamos **porque estamos** doentes = Non traballamos **por estarmos** doentes.

Temporais e modais actúan como complemento circunstancial do verbo principal. Os casos restantes¹⁵ (condicionais, finais, concesivas e causais) establecen relacións lóxicas que afectan toda a oración.

En español, existe a mesma posibilidade mais só cando o suxeito do verbo principal e mais o do infinitivo son coincidentes (infinitivo concertado), nos outros casos usa a estrutura [(*prep*) + *que* + *v*], coexistente en galego e portugués (por exemplo, *a pesar de* = *a pesar de que* ou *aínda que*).

Por outro lado, cómpre dicir que en español é normalmente usada a construción da preposición máis o infinitivo non concertado para todas as persoas (o contexto clarifica o suxeito; cando se quere que fique patente, úsase *que* + *v*). En galego e portugués, as dúas posibilidades do español danse xuntas co infinitivo conxugado.

Examinaranse a seguir as construcións que empregan o infinitivo. Véxase un exemplo de cada grupo¹⁶:

a) Temporal:

Galego

Suxeito concertado:

(129) infinitivo invariable: "**Ao vir** de regreso cuns cartiños **algúns deciden** abrir un bar" (*Xentes do mar*, Calo Lourido, 1996)

► (130) infinitivo conxugado: "**Ao saírmos** do Triángulo **seguiremos** cara a Madrid" (*Arqueofaxia*, M. Lourenzo, 1995)

Suxeito non concertado:

(131) infinitivo invariable: "E se os **pillaban** roubando os "*gardiñas*" -ou **provocaban** algún incendio **ao facer** lume [...]" (*A saga dun añador*, Fdez Ferreiro, 1980)

► (132) infinitivo conxugado: "Iso foi o que **dixo** Inés hai pouco, **ao virmos** do cabodano" (*Concubinas*, Inma López, 2002)

Portugués

Suxeito concertado:

(133) infinitivo invariable: "**Ficaram** assombrados **ao ver** as Lágrimas de Devaiah" (*O homem sem nome*, J. Aguiar, 1986)

► (134) infinitivo conxugado: "**Ao sabermos** do malogro da conferência [...], **sentimo-nos** assoberbados" (*Crônicas*, E. da Cunha, finais do s. XIX)

Suxeito non concertado:

(135) infinitivo invariable: "**Ao chegar** a este ponto, embora a cena se repita amiúde, o **espanto enrugá-lhe** a face" (*Seara de vento*, M. da Fonseca, 1962)

► (136) infinitivo conxugado: "**Ao transporem** cada porta **fugia** na frente deles uma nuvem negra de morcegos e andorinhas" (*O Mulato*, Aulísio Azevedo, 1881)

Español

Suxeito concertado:

(137) "**Al levantar** los ojos **vi** que habían aparecido varias mujeres" (*Nada*, C. Laforet, 1944)

(138)>(130) G– [**al salir / cuando salgamos**]

(139)>(134) P– [**al saber / cuando supimos**]

¹⁵ Locativas (*A rúa onde/na cal vive é estreita*), comparativas (*Gañá máis cartos ca min, O teu can corre máis que o meu*) e consecutivas (*Fedía tanto que non se podía respirar*) non participan deste proceso porque os seus nexos non son substituíbles por ningunha preposición ou locución prepositiva.

¹⁶ Ofrecense os exemplos coa partícula máis usual.

Suxeito non concertado:

(140) "Pero *nuestro martirio* **terminó** al día siguiente, **al llegar** *el barco* en que el demente iba a ser llevado a Valparaíso" (*Hijo de ladrón*, Manuel Rojas, 1951)

(141)>(132) G- [**cuando veníamos**]

(142)>(136) P- [**cuando atravesaban**]

b) Modal: exclusivamente a preposición *sen*.

Galego

Suxeito concertado:

(143) infinitivo invariable: "**Saudaban** *ó pasar* con cortesía, pero **sen facer** preguntas" (*O triángulo inscrito na circunferencia*, Fdez. Freixanes, 1982)

► (144) infinitivo conxugado: "[...] cando os acontecementos **se entremezclan sen daren** tempo a reflexionar" (*Fóra de xogo*, M. Forcadela, 1993)

Suxeito non concertado:

► (145) infinitivo conxugado: "Pero os cambios **están** chegando ata nós **sen termos** construída esa arca" (*Galicia Internacional*, Álvarez Pousa, 1996)

Portugués

Suxeito concertado:

(146) infinitivo invariable: "Ele não compreende que [...] **estejam** agora sentados às portas, **sem fazer** nada" (*O vale da paixão*, L. Jorge, 1998)

► (147) infinitivo conxugado: "Ambas **encolheram** os ombros e, **sem darem** resposta, **saíram** para o quintal" (*Autópsia de um mar de ruínas*, J. de Melo, 1992)

Suxeito non concertado:

► (148) infinitivo invariable: "**la** acompanhado de alguns vigilantes e escravos, cedidos por seus amos, **sem saberem** para que efeito" (*Um deus passeando pela brisa da tarde*, M. de Carvalho, 1994)

Español

Suxeito concertado:

(149) "*El viejo* **se alza** lentamente del banco, **sin apartar** los ojos de la pareja" (*La sonrisa etrusca*, J. L. Sampedro, 1985)

(150) >(144) G- [**sin dar**]

(151)>(147) P- [**sin dar**]

Suxeito non concertado:

(152)>(145) G- [**sin que hayamos construido**]

(153)>(148) P- [**sin que supiesen**]

c) Condicional:

Galego

Suxeito concertado:

(154) infinitivo invariable: "Xa se explicaron os posibles indicios [...], e que facer **no caso de estar** seguros de que **temos** un virus" (*Guía de Introd. á Informática*, U. de Vigo, 2000)

► (155) infinitivo conxugado: "**No caso de teren atopado** acubillo [...] **debían** estar aquí" (*O soño perdido de Elvira M.*, Ú. Heinze, 1982)

Suxeito non concertado:

(156) infinitivo invariable: "**No caso de ser** certas as túas sospeitas, **debería** ser a policía quen lle puxese protección" (*Atuado na braña*, X. Quiroga, 2002)

► (157) infinitivo conxugado: "Xavier xa **mencionou** a colocación do pronome persoal **no caso de haber** *interrogación*" (*Anaiansi*, Ú. Heinze, 1989)

Portugués

Suxeito concertado:

▶ (158) infinitivo conxugado: “**No caso de serem** bem sucedidos, **organizariam** o governo” (*História da conjuração mineira*, Souza Silva, 1873)

Suxeito non concertado:

▶ (159) infinitivo conxugado: “**No caso de serem** viabilizadas as taxas propostas pela Câmara, os encargos seriam «incom-portáveis»” (*O Expresso*, 1997)

Español

Suxeito concertado:

(160) “Ignoro qué cara **habrían puesto, de haberlo sabido**” (*El último vuelo del pájaro campana*, Andrés Colmán, 1995)(161)>(155) G– [**De haber encontrado cobijo... / Si hubiesen encontrado**](162)>(158) P– [**En el caso de tener éxito / Si tuviesen éxito...**]

Suxeito non concertado:

(163) “Se producían **olores** que **habrían impregnado** las esferas **en el caso de haber estado** éstas vacías” (*Tiempo de Silencio*, Martín-Santos, 1962)(164)>(157) G– [**si hubiese**](165)>(159) P– [**en el caso de que fuesen**]

d) Final:

Galego

Suxeito concertado:

(166) infinitivo invariable: “Sabes que nin nós **temos** permiso **para meternos** no de Falcón” (*As regras do xogo*, Ramiro Fonte, 1990)▶ (167) infinitivo conxugado: “Á saída todos os pasaxeiros **asomáronse** á borda da cuberta **para veren** a Coruña desde o mar” (*A galegitude empresarial*, X. Alcalá, 1995)

Suxeito non concertado:

▶ (168) infinitivo conxugado: “Vaia, vaia -dixo o Xes- ¿E logo seica **fai** friaxe **para poñeres** esta peluca?” (*As alaudas do mencer*, Iglesias de Souza, 1989)

Portugués

Suxeito concertado:

(169) infinitivo invariable: “Todos **olhavam** o céu **para ver** se havia chuva” (*A última estação*, Alberto Lopes, 1949)▶ (170) infinitivo conxugado: “[Os cristiãos] **corriam** ao encontro da morte, não **para serem** os primeiros a entrar no paraíso, mas porque, não **tinham** forza” (*História do cerco de Lisboa*, J. Saramago, 1989)

Suxeito non concertado:

▶ (171) infinitivo conxugado: “**Pôs**-me o chale nos ombros **para irmos** ao jardim” (*Missa in albis*, Velho da Costa, 1988)

Español

Suxeito concertado:

(172) “Hermana Rufa **estaba** en el batalan de su casa haciendo sus abluciones matinales **para ir** a misa” (*Noli me tangere*, Rizal, 1878)(173)>(167) G– [**para ver**](174)>(170) P– [**para ser**]

Suxeito non concertado:

(175)>(168) G– [**para que te pongas**](176)>(171) P– [**porque íbamos**]

e) Concesivo:

Galego

Suxeito concertado:

(177) infinitivo invariable: "A xente do pobo queríaas porque non **eran** déspotas con ela **a pesar de pertencer** á clase dos *honestiores*" (*Amania*, M^a Xosé Queizán, 1984)

► (178) infinitivo conxugado: "**A pesar de permitiren** ser gravados **prefiren** manterse no anonimato" (*Narracións orais do concello de Palas de Rei*, Pereiro Pérez, 1995)

Suxeito non concertado:

(179) infinitivo invariable: "**A pesar de ser** prioritarias [as medidas], non podemos descartalo de antemán" (*O Correo Galego*, 1995)

► (180) infinitivo conxugado: "**A pesar de teren** as institucións galegas competencias plenas [...], o galego **está** lonxe de ter o espazo que merece como lingua propia do país" (*O Correo Galego*, 2002)

Portugués

Suxeito concertado:

► (181) infinitivo conxugado: "As persoas **riram** tanto, **apesar de estarem** num velório, que a viúva teve um acesso de nervos" (*Por tudo e por nada*, Rita Ferro, 1994)

Suxeito non concertado:

► (182) infinitivo conxugado: "Declarou mais tarde que, **apesar de serem** turras, **autorizava os funerais** no local, conforme pediam as familias" (*Jornal*, 1995)

Español

Suxeito concertado:

(183) "**A pesar de estar** a gusto en tu casa, ya **tengo** que marcharme" (*Barrio palestina*, S. Gertopan, 1998)

(184)>(178) G– [**a pesar de permitir / de que permiten**]

(185)>(181) P– [**a pesar de estar / de que estaban**]

Suxeito non concertado:

(186) "**A pesar de estar** reducidos los ejercicios a dos horas, el auditorio **ha sido** siempre el mismo" (*Cartas*, Beato Palau, 1842)

(187)>(180) G– [**a pesar de que tienen**]

(188)>(182) P– [**a pesar de que eran**]

f) Causal:

Galego

Suxeito concertado:

(189) infinitivo invariable: "**Seredes** aborrecidos de todo o mundo por causa do meu nome, **por ser** discípulos meus" (*El evangelio según San Mateo trad. al dialecto gallego*, S. de Santa María, 1861)

► (190) infinitivo conxugado: "**Van** chorando no enterro, sen que llo pidan, senón como en premio **por quererem** ó morto" (*Etnografía*, V. Risco, 1962)

Suxeito non concertado:

(191) infinitivo invariable: "Os máis dos *agüistas* xa non só **acoden** polas virtudes curativas das augas, senón **por ser** lugares ideais" (*As fontes sagradas e as augas santas*, G. Pérez, 1995)

► (192) infinitivo conxugado: "Isto **pásachenos por sermos** pobres, sabes?" (*Teatro para o Nadal*, Carballo Ferreiro, 1995)

Portugués

Suxeito concertado:

► (193) infinitivo conxugado: “És um amor **por teres** telefonado” (*Os nós e os laços*, Alçada Baptista, 1985)

Suxeito non concertado:

► (194) infinitivo conxugado: “**Excítam-se por sermos** belas e **gostarmos** deles” (*Portudo e por nada*, Rita Ferro, 1994)

Español

Suxeito concertado:

(195) “**Nació** Diego, que **por ser** tan niño no **se mezcló** con nosotros” (*El lado de la sombra*, Bioy Casares, 1962)

(196)>(190) G– [**porque querían / por querer**]

(197)>(193) P– [**porque has / por haber**]

Suxeito non concertado:

(198) “**Por venir** a verme sin duda le **ha sucedido** eso” (*Los caballeros del amor*, Álvaro Carrillo, 1879)

(199)>(192) G– [**porque somos**]

(200)>(194) P– [**porque somos / porque gustamos de**]

3. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Resumindo o visto, reparamos en que en todas as estruturas circunstanciais se repite o comportamento do infinitivo conxugado que aparece nas completivas. Quer nas oracións de suxeito concertado, quer nas de suxeito non concertado, atopamos o infinitivo invariable e flexionado. Salientamos, non obstante, o feito de que é máis común encontrar o invariable cando podería ser flexionado na lingua galega que na portuguesa. Poderíase explicar ou ben pola presión do castelán sobre o galego ou ben porque o portugués consolidou o infinitivo conxugado como forma única na maioría de casos xa que permite desambiguar totalmente. Ao respecto, Jansegers e Vanderschueren (2010: 438) din:

[...] esta investigación pone de manifiesto el papel primordial que desempeña la influencia castellana en la menor vitalidad del infinitivo flexionado en el gallego actual. Así, hemos demostrado que, mientras que el infinitivo conjugado portugués a lo largo de varios siglos ha ampliado su radio de acción, el infinitivo flexionado gallego ha reducido drásticamente sus empleos en los contextos en los que con mayor frecuencia solía aparecer.

Unha visión xeral do exposto indica que a construción infinitiva en función de CD nas completivas preserva a oración de infinitivo latina, que en galego e portugués pode mesmo aparecer conxugada; nas circunstanciais, a natureza nominal do infinitivo permítelle aparecer despois da preposición.

O uso do infinitivo concertado (conxugado ou non) en galego e portugués non presenta problemas de tradución en español xa que se trata da mesma estrutura nas oracións de suxeito concertado. Cando as linguas atlánticas seleccionan o infinitivo conxugado apréciase unha escolla estilística pleonástica¹⁷:

Infinitivo invariable: “**Ao vir** de regreso cuns cartiños *algúns deciden* abrir un bar”

Infinitivo conxugado: “**Ao viren** de regreso cuns cartiños *algúns deciden* abrir un bar”

Esp: “**Al venir** de regreso con algún dinero, *algunos deciden* abrir un bar”

¹⁷ Véxase Vanderschueren e Diependaele (2012, en prensa): “The Portuguese Inflected Infinitive. An Empirical Approach”. *Corpus Linguistics and Linguistic Theory*, onde demostran unha escolla inducida por diversos factores lingüísticos.

A tradución muda, non obstante, nas oracións de suxeito non concordado. Cando galego (con máis frecuencia) e portugués (con menos) adoptan o infinitivo non flexionado con suxeito expreso, en español atopamos a estrutura conxuncional e mesmo a do infinitivo (considerada menos correcta).

Infinitivo invariable: "**Ao transpor eles** cada porta **fugia** na frente deles uma nuvem negra de morcegos e andorinhas"

Esp: "**Cuando atravesaban** cada puerta, **huía** delante de ellos una nube negra de murciélagos y golondrinas" / "**Al atravesar ellos** cada puerta, **huía** delante una nube negra de murciélagos y golondrinas"

Mais se aparece o infinitivo conxugado, a solución española máis correcta é a estrutura conxuncional:

Infinitivo conxugado: "**Ao transporem** cada porta **fugia** na frente deles uma nuvem negra de morcegos e andorinhas"

Esp: "**Cuando atravesaban** cada puerta, **huía** delante de ellos una nube negra de murciélagos y golondrinas"

Aínda que, en xeral, como se vén de observar nestas páxinas, a escolla entre o infinitivo conxugado e a estrutura coa conxunción responde na maioría dos casos a factores estilísticos (dar énfase formal ao suxeito para que fiquen claros), en ocasións esa mesma facultade instaura o uso exclusivo do infinitivo flexionado sendo inusitada a fórmula conxuncional (sobre todo, cando o suxeito non é concertado).

Xeralmente, as gramáticas galegas e portuguesas especifican os usos do infinitivo conxugado nos mesmos contextos, non obstante, a máis actual de Álvarez e Xove (2002) xa clarifica algunhas restricións no galego moderno, que prefere a construción conxuncional, fronte ao portugués, que ampliou o seu campo de acción. Con todo, calquera estudo dos presentados na bibliografía trata o asunto dentro do propio sistema (o galego, o portugués), trátanse cuestións de interferencias do castelán no galego, fanse aproximacións históricas e mesmo valoracións sobre o seu emprego, porén, cumpren unha función parcial para o noso obxectivo. Tentamos confrontar todos eses usos cos equivalentes esperables na lingua española para establecer unha base didáctica coherente que axude os estudantes de fala materna non galega nin portuguesa a comprender o infinitivo presoal. Unha segunda parte desa didáctica –que xa se adianta nalgúns casos– sería entrar pormenorizadamente nas frecuencias reais de cada contexto especificado para evitar, por exemplo, un abuso da construción infinitiva cando é máis habitual a conxuncional e viceversa.

E xa para acabar, e retomando ese obxectivo didáctico que nos levou a escribir estas liñas, preséntanse de modo esquemático os usos galegos e portugueses do infinitivo priorizando o conxugado, e as correspondencias esperables e máis habituais na lingua española:

a) Completivas

Función de suxeito:

Verbos de entendemento (ind), existencia (subx) e intransitivos (subx)

Infinitivo invariable: "É preciso **saír** cedo"

Esp: "Es preciso **salir** temprano"

Infinitivo conxugado: "É preciso **saídes** cedo"

Esp (estrutura conxuncional): "Es preciso **que salgáis** temprano"

Esp (infinitivo, menos recomendable): "Es preciso **salir nosotros** temprano"

Función de complemento directo:

Verbos declarativos (ind), entendemento (ind), xuízo (ind) e lingua (ind)

Suxeito concertado

–Oración de infinitivo: “**Declaro ser** galego”

Esp (oración de infinitivo): “**Declaro ser** gallego”

–Oración de infinitivo que podería aparecer baixo a forma do infinitivo conxugado pleonástico:

“**Declaramos ser[mos]** galegos”

Esp (oración de infinitivo ou estrutura conxuncional): “**Declaramos ser / que somos** gallegos”

–Oración de infinitivo na cal aparece o infinitivo flexionado pleonástico: “**Declaramos sermos** galegos”

Esp (oración de infinitivo ou estrutura conxuncional): “**Declaramos ser / que somos** gallegos”

Suxeito non concertado

–Oración de infinitivo na cal aparece o infinitivo flexionado: “**Afirmaba estaren** preocupados”

Esp (estrutura conxuncional; uso xeral): “**Afirmaba que ellos estaban** preocupados”

Esp (oración de infinitivo; uso arcaico): “**Afirmaba estar ellos** preocupados”

Verbos de percepción (ind), influencia (subx) e causa (subx)

Suxeito non concertado

–Oración de infinitivo sen infinitivo conxugado (uso xeral): “**Véxoa entrar** na casa”, “**Mandá-mosvos calar**”

Esp (oración de infinitivo; uso xeral): “**La veo entrar** en casa”, “**Os mandamos callar**”

–Oración de infinitivo na cal aparece o infinitivo flexionado (uso arcaico): “**Vinos seren** felices”

Esp (estrutura conxuncional; uso xeral): “**Veo que ellos son** felices”

Esp (oración de infinitivo; uso arcaico): “**Vi ser ellos los que eran** felices”

b) Circunstanciais

Suxeito concertado

–Preposición + infinitivo invariable que podería aparecer baixo a forma do conxugado: “**Ao marchar[en], saudaron**”, “**Por ter[des] bebido estades** peneques”

Esp (preposición + infinitivo ou estrutura conxuncional, menos común): “**Al irse, saludaron**”, “**Por haber bebido estáis** borrachos”

–Preposición + infinitivo conxugado: “**Ao marcharen, saudaron**”, “**Por terdes bebido estades** peneques”

Esp (preposición + infinitivo ou estrutura conxuncional): “**Al irse/cuando se fueron, saludaron**”, “**Por haber/porque habéis bebido estáis** borrachos”

Suxeito non concertado

–Preposición + infinitivo invariable (común no galego e infrecuente no portugués): “**A pesar de** as medidas **ser** prioritarias, non **podemos** descartar o asunto”

Esp (estrutura conxuncional ou preposición + infinitivo con suxeito expreso, menos común e recomendable): “**A pesar de que** las medidas **son prioritarias (a pesar de ser** las medidas), no **podemos** descartar el asunto”

–Preposición + infinitivo conxugado: “**A pesar de chegarmos** tarde, **esperou** por nós”, “**Fareino no caso de teres** necesidade”

Esp (estrutura conxuncional): “**A pesar de que llegamos** tarde, nos **esperó**”, “Lo **haré en el caso de que tengas** necesidade”

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Abuín Soto, Manuel (1971): "El castellano hablado en las Rías Bajas gallegas", *Archivum. Revista de la Facultad de Filosofía y Letras XXI*, 171-206.
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Cunha, Celso / Lindley Cintra (1984): *Nova gramática do portugués contemporâneo*. Edições João Sá da Costa: Lisboa.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1999): "Sobre os usos do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo no galego moderno", en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, vol. I. Santiago de Compostela: USC, 389-416.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2002): *Gramática da lingua galega II Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- García Gondar, Francisco (1978): *O infinitivo conxugado en galego*. Santiago de Compostela: USC (Anexo 13 de Verba).
- Huber, Joseph (1986): *Gramática do portugués antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian (tradución do orixinal alemán: *Alportugiesisches Elementarbuch*, 1933).
- Janseggers, Marlies / Clara Vanderschueren (2010): "El infinitivo flexionado gallego: ¿entre portugués y castellano?", *Revue de Linguistique Romane* 74 (295-296), 415-441.
- Körner, Karl-Hermann (1988): "Infinitivo flexionado e clasificación das línguas", en *Actas do Primeiro Congreso [da] Associação Internacional de Lusitanistas*. Poitiers: Universidade de Poitiers, 579-601.
- López Martínez, M^a Sol (1991): "A propósito dalgunhas estruturas sintácticas do verbo *mandar* en galego", en Mercedes Brea / Francisco Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, vol. I. Santiago de Compostela: USC, 283-291.
- Maurer, Theodoro Henrique Jr. (1968): *O infinito flexionado portugués. Estudo histórico-descritivo*. São Paulo: Companhia Editora Nacional.
- Mattos e Silva, Rosa Virginia (1994): *O portugués arcaico. Morfología e sintaxe*. São Paulo: Universidade Federal da Bahia / Contexto.
- Penas Ibáñez, María Azucena (1996): "El distinto tratamiento del infinitivo en español y portugués", en Juan M. Carrasco González / Antonio Viudas Camarasa (eds.), *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera: (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994)*. Cáceres: Universidad de Extremadura, 141-152.
- Real Academia Española (2009): *Nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa, 2 vols.
- Regueira Fdez. Xosé Luís (2001): "A construción causativa *facere* + infinitivo na gramática funcional", en Xosé Luís Regueira / Alexandre Veiga (eds.), *Da gramática ó dicionario: Estudos de lingüística galega*. Santiago de Compostela: USC, 209-223 (Anexo 49 de Verba).
- Schulte, Kim (2007): *Prepositional infinitives in Romance: A usage-based approach to syntactic change*. Oxford: Peter Lang (Studies in Historical Linguistics 3).
- Scida, Emily (2004): *The Inflected Infinitive in Romance Languages*. Nueva York: Routledge (Outstanding Dissertations in Linguistics).
- Silva, Augusto Soares da (2008): "The Portuguese inflected infinitive and its conceptual basis", en B. Lewandowska-Tomaszczyk (ed.), *Asymmetric Events*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 227-243.
- Väänänen, Veikko (2003 [1971, 1ª ed.]): *Introducción al latín vulgar*. Madrid: Gredos.
- Vanderschueren, Clara / Marlies Janseggers (2010): "La vitalidad del infinitivo flexionado gallego", en Pablo Cano López et al. (eds.), *XXXIX Simposio Internacional de la Sociedad Española de Lingüística*. Santiago de Compostela: USC (edición en CD-Rom).
- Vesterinen, Rainer (2011): *A cognitive approach to adverbial subordination in European Portuguese: The Infinitive, the clitic pronoun Se and finite verb forms*. Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing.
- Xove Ferreiro, Xosé (2005): "O verbo galego: usos e abusos, descrición e prescrición", en Rosario Álvarez / Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación: Unha perspectiva desde o idioma galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 313-334.

Corpora utilizados:

Galego:

<http://www.ti.usc.es/tilg/> (*Tesouro Informatizado da Lingua Galega*). Universidade de Santiago / Instituto da Lingua Galega.

<http://corpus.cirp.es/corga/> (*Corpus de referencia do galego actual*). Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades.

<http://ilg.usc.es/tmilg/index.php> (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*). Universidade de Santiago / Instituto da Lingua Galega.

Portugués:

<http://www.corpusdoportugues.org/> (*Corpus do portugués*).

Español:

<http://www.corpusdelespanol.org/>